a l ñ o	B3.3. Contidos culturais: institucións, ideas, crenzas, valores, obxectos materiais, etc. B3.4. Niveis biolóxico, afectivo e cognitivo na internalización da cultura.	B3.3. Identificar o proceso de construción, os elementos e a lexitimación dunha cultura, valorando esta non só como ferramenta de adaptación ao medio, senón como ferramenta para a transformación e a autosuperación.	FIB3.3.1. Expresa algúns dos principais contidos culturais, como son as institucións, as ideas, as crenzas, os valores, os obxectos materiais, etc. FIB3.3.2. Coñece os niveis aos que se realiza a internalización dos contidos culturais dunha sociedade; é dicir, a nivel biolóxico, afectivo e cognitivo.	CCEC CAA CCEC	FI-R4ESO-CCEC FI-R4ESO-CAA FI-R4ESO-CCEC
d h	B3.5. Elementos do proceso de socialización: socialización primaria e secundaria.	B3.4. Coñecer os elementos do proceso de socialización e relacionalos coa propia personalidade.	FIB3.4.1. Describe a socialización primaria e secundaria.	CSC	FI-R4ESO-CSC
a h	B3.6. Teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.	B3.5. Coñecer as teorías sobre a orixe da sociedade e reflexionar de forma escrita sobre elas, argumentando as propias opinións ao respecto.	FIB3.5.1. Explica as teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.	CSC	FI-R4ESO-CSC
a b d l	B3.7. A civilización. Diferenza entre civilización e cultura. Oriente e Occidente.	B3.6. Comprender o sentido do concepto de civilización, relacionando as súas semellanzas e diferenzas co concepto de cultura.	FIB3.6.1. Explica o que é unha civilización e pon exemplos fundamentados, e investiga e reflexiona sobre as semellanzas e as diferenzas entre oriente e occidente.	CAA CCEC CSC	FI-R4ESO-CAA FI-R4ESO-CCEC FI-R4ESO-CSC
e g h	B3.8. Comunicación. Comunicación non verbal. B3.9. A comunicación na época das tecnoloxías da información e da	B3.7. Definir o que é a comunicación, analizando as formas de comunicación non verbal, e a incidencia das novas tecnoloxías da	FIB3.7.1. Explica o que é a comunicación e reflexiona sobre as vantaxes e os inconvenientes cando a ferramenta para ela son as novas tecnoloxías.	CD	FI-R4ESO-CD

	Filosofía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Rúbrica
	comunicación.	información e da comunicación.			
agil	B3.10. O individuo como capaz de innovar e crear cambios culturais.	B3.8. Reflexionar sobre o posible papel activo dun/dunha mesmo/a na construción da cultura e, en canto tal, identificarse como ser creativo e innovador, capaz de xerar elementos culturais.	FIB3.8.1. Reflexiona por escrito sobre o papel activo dun/dunha mesmo/a no seu contexto sociocultural, como ser capaz de innovar e xerar cambios culturais.	CCL CSIEE	FI-R4ESO-CCL FI-R4ESO-CSIEE
abehilño	B3.11. Diferenzas culturais. Relativismo cultural e etnocentrismo.	B3.9. Reflexionar e indagar sobre o relativismo cultural e o etnocentrismo.	FIB3.9.1. Coñece o relativismo cultural e o etnocentrismo, e reflexiona sobre eles, expresando conclusións propias e achegando exemplos con feitos investigados e contrastados en internet.	CAA CCEC CD	FI-R4ESO-CAA FI-R4ESO-CCEC FI-R4ESO-CD
Bloque 4. Pensamento					
bh	B4.1. Conceptos do bloque "Pensamento": razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro. B4.2. Características da racionalidade humana.	B4.1. Comprender a facultade racional como específica do ser humano e as súas implicacións, analizando en que consiste a racionalidade e cales son as súas características.	FIB4.1.1. Define e utiliza conceptos como razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro.	CCL	FI-R4ESO-CCL
			FIB4.1.2. Explica o que é a racionalidade e describe algunhas das súas características.	CCL	FI-R4ESO-CCL
hl	B4.3. Posibilidades e límites da razón.	B4.2. Explicar as teses básicas dalgunhas concepcións filosóficas sobre as posibilidades e os límites da razón.	FIB4.2.1. Explica a concepción sobre as posibilidades da razón.	CCL	FI-R4ESO-CCL
f	B4.4. Racionalidade teórica e racionalidade práctica. Teoría e experiencia.	B4.3. Distinguir a racionalidade teórica da racionalidade práctica, así como teoría e experiencia.	FIB4.3.1. Identifica as dúas posibilidades de aplicación da racionalidade: teórica e práctica.	CAA CCEC	FI-R4ESO-CAA FI-R4ESO-CCEC
dhl	B4.5. Concepcións contemporáneas sobre a intelixencia. B4.6. Teoría da intelixencia emocional.	B4.4. Coñecer a concepción contemporánea sobre a intelixencia, incidindo na teoría da intelixencia emocional de Daniel Goleman.	FIB4.4.1. Explica as teses centrais da teoría da intelixencia emocional.	CSC	FI-R4ESO-CSC
			FIB4.4.2. Argumenta sobre a relación entre a razón e as emocións.	CCL CSC	FI-R4ESO-CCL FI-R4ESO-CSC
bgh	B4.7. A verdade e os seus tipos: a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade	B4.5. Comprender algúns dos principais tipos de verdade (a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a	FIB4.5.1. Define algúns tipos de verdade, como son a verdade como correspondencia, a verdade segundo o pragmatismo americano e a verdade	CCL	FI-R4ESO-CCL

Filosofía. 4º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Rúbrica
	desde o perspectivismo e o consenso. B4.8. Papel do erro na procura da verdade. O erro como oportunidade.	verdade desde o perspectivismo e o consenso) e reflexionar sobre a posibilidade de alcanzar a verdade absoluta.	desde o perspectivismo. FIB4.5.2. Reflexiona sobre a parte positiva de equivocarse e a importancia do erro como posibilidade de procura de novas estratexias e solucións.	CAA CSIEE	FI-R4ESO-CAA FI-R4ESO-CSIEE
Bloque 5. Realidade e metafísica					
h l	B5.1. Conceptos do bloque "Realidade e metafísica": metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo. B5.2. Metafísica: o seu obxecto e o seu método.	B5.1. Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical".	FIB5.1.1. Define e utiliza conceptos como metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo. FIB5.1.2. Define o que é a metafísica, o seu obxecto de coñecemento e o seu modo característico de preguntar sobre a realidade.	CCL CCEC	FI-R4ESO-CCL FI-R4BAC-CCEC
b f h l n	B5.3. A natureza como esencia e como totalidade: o Universo. B5.4. Orixe do Universo. Eternidade ou creación. B5.5. Respostas á pregunta pola finalidade do Universo. B5.6. Respostas á pregunta sobre o posto do ser humano no Universo.	B5.2. Comprender unha das principais respostas á pregunta acerca do que é a natureza e identificar esta non só como a esencia de cada ser, senón ademais como o conxunto de todas as cousas que hai, e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza, se é que a hai, e o posto do ser humano no Cosmos, reflexionando sobre as implicacións filosóficas de cada unha destas cuestións.	FIB5.2.1. Expresa as dúas posibles respostas á pregunta pola orixe do Universo (é eterno ou foi creado), e expón as súas reflexións sobre as implicacións relixiosas e filosóficas de ambas as dúas. FIB5.2.2. Expón as dúas posturas sobre a cuestión acerca de se o Universo ten unha finalidade, unha dirección, ou se non a ten, e argumenta filosoficamente a súa opinión ao respecto. FIB5.2.3. Analiza textos cuxo punto de reflexión é a realidade física que nos rodea e os interrogantes filosóficos que suscita.	CAA CCEC CMCCT CAA CMCCT CCL	FI-R4ESO-CAA FI-R4ESO-CCEC FI-R4ESO-CMCCT FI-R4ESO-CAA FI-R4ESO-CMCCT FI-R4ESO-CCL
f h	B5.7. Determinismo e Indeterminismo. Teoría do caos.	B5.3. Coñecer as implicacións filosóficas da teoría do caos, comprendendo a importancia de sinalar se a natureza se rexe por leis deterministas ou se rexe polo azar cuántico, e argumentar a propia opinión sobre como afecta esta resposta de cara á comprensión da conduta humana.	FIB5.3.1. Define o que é o determinismo e o indeterminismo, no marco da reflexión sobre se existe unha orde no Universo rexida por leis.	CMCCT	FI-R4ESO-CMCCT
f	B5.8. Sentido da	B5.4. Reflexionar sobre a	FIB5.4.1. Coñece as teses	CCEC	FI-R4BAC-CCEC

	Filosofía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Rúbrica
h l n	existencia. Vida e morte. B5.9. Sentido da historia. B5.10. Lugar do ser humano no mundo.	interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgúns teorías filosóficas da vida, e disertar razoadamente sobre a vida ou a morte, ou o devir histórico, ou o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.	centrais do vitalismo de filósofos/as que reflexionan sobre a vida.		
			FIB5.4.2. Analiza textos literarios, filosóficos e científicos que versan sobre temas metafísicos como a existencia, a morte, o devir histórico ou o lugar do individuo na realidade, e expón as súas propias reflexións ao respecto.	CCL	FI-R4ESO-CCL
	Bloque 6. Transformación				
a b g h	B6.1. Conceptos do bloque "Transformación-ética": vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.	B6.1. Coñecer os dous significados do concepto de liberdade de acción (liberdade negativa e liberdade positiva), e aplicarlos tanto no ámbito da sociedade política como no terreo da vida privada ou a liberdade interior.	FIB6.1.1. Define e utiliza conceptos como vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.	CSC	FI-R4ESO-CSC
			FIB6.1.2. Analiza textos breves sobre o tema da liberdade, e argumenta a propia opinión.	CSC	FI-R4ESO-CSC
h	B6.2. Libre albedrío e vontade.	B6.2. Comprender o que é o libre albedrío ou a liberdade interior, en relación coa posibilidade de autodeterminación dun mesmo e coa facultade da vontade.	FIB6.2.1. Explica o que é o libre albedrío e a facultade humana da vontade.	CCL	FI-R4ESO-CCL
a f g h	B6.3. Libre albedrío: condicionamentos sociais e políticos. B6.4. Libre albedrío: xenética e neurociencia.	B6.3. Reflexionar e argumentar sobre a relación entre a liberdade interior e a liberdade social e política.	FIB6.3.1. Expón as súas reflexións sobre a posibilidade de que exista ou non o libre albedrío, tendo en conta os avances no coñecemento da xenética e a neurociencia.	CMCCT CSC	FI-R4ESO- CMCCT FI-R4ESO-CSC
h	B6.5. O libre albedrío e o determinismo na natureza.	B6.4. Coñecer a existencia de determinismo na natureza, analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre, tendo en conta que é un ser natural e, en canto tal, sometido ás leis da natureza.	FIB6.4.1. Argumenta sobre as posibilidades do ser humano de actuar libremente, tendo en conta que é un ser natural.	CCL CSC	FI-R4ESO-CCL FI-R4ESO-CSC
h l	B6.6. Posturas filosóficas sobre o libre albedrío: a do estoicismo, a de Kant e a intermedia, que avoga pola non existencia da liberdade absoluta.	B6.5. Recoñecer as tres posturas sobre o problema da liberdade absoluta ou condicionada: a tese estoica, a negación do sometemento da vontade ás leis naturais de Kant e a posición intermedia, que	FIB6.5.1. Expresa diferentes posturas de filósofos en torno ao tema da liberdade.	CSC	FI-R4ESO-CSC

	Filosofía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Rúbrica
		rexeita non a liberdade, senón a liberdade absoluta.			
b d h	B6.7. Conceptos do bloque "Transformación-Estética": estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente, pensamento converxente e serendipia.	B6.6. Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda o proceso creativo, a experiencia estética e a beleza.	FIB6.6.1. Define e utiliza conceptos como estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente, pensamento converxente e serendipia.	CCL CMCCT	FI-R4ESO-CCL FI-R4ESO-CMCCT
g h	B6.7. Imaxinación humana: características. B6.8. Imaxinación: funcionamento e mecanismos de aparición de novas ideas.	B6.7. Identificar o que é a imaxinación, en tanto que facultade específica do ser humano, explicando como funciona e cales son as súas características.	FIB6.7.1. Le e comenta textos breves e significativos sobre o mecanismo de aparición de ideas novas.	CAA CCL	FI-R4ESO-CAA FI-R4ESO-CCL
			FIB6.7.2. Explica o que é a imaxinación e exemplifícaa mediante a redacción de relatos breves de temática filosófica.	CCL CSIEE	FI-R4ESO-CCL FI-R4ESO-CSIEE
b e g h n	B6.9. Creatividade humana.	B6.8. Recoñecer a capacidade humana da creatividade, en tanto que potencialidade existente en todas as persoas e que se consegue adestrando o cerebro.	FIB6.8.1. Analiza textos de literatura fantástica, considerando os elementos especificamente creativos e reflexionando sobre eles.	CCL CSIEE	FI-R4ESO-CCL FI-R4ESO-CSIEE
g h n	B6.10. Fases do proceso creativo.	B6.9. Coñecer as fases do proceso creativo e reflexionar sobre a importancia de que o pensamento diverxente imaxinativo e o pensamento lóxico e racional traballen xuntos.	FIB6.9.1. Explica as fases do proceso creativo.	CSIEE	FI-R4ESO-CSIEE
b n	B6.11. Principais técnicas de desenvolvemento da creatividade: revisión de supostos e inversión.	B6.10. Coñecer e aplicar algunhas técnicas de desenvolvemento da creatividade.	FIB6.10.1. Utiliza a técnica de desenvolvemento da creatividade coñecida como de revisión de supostos e inversión, e aplícaa sobre algunha teoría filosófica ou científica.	CAA	FI-R4ESO-CAA
			FIB6.10.2. Explica as principais técnicas de desenvolvemento da creatividade.	CSIEE	FI-R4ESO-CSIEE
a b g h	B6.12. Técnica do brainstorming.	B6.11. Utilizar a técnica do brainstorming para construír unha historia literaria con temática filosófica.	FIB6.11.1. Utiliza de forma colectiva a técnica do brainstorming para reflexionar sobre temas filosóficos tratados durante o curso.	CAA CSC	FI-R4ESO-CAA FI-R4ESO-CSC
b	B6.13. Relación entre	B6.12. Valorar a liberdade	FIB6.12.1. Argumenta sobre o	CCL	FI-R4ESO-CCL

Filosofía. 4º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Rúbrica
g h	liberdade e creatividade.	como condición básica para a creatividade innovadora, a conexión entre si das ideas preexistentes e a competitividade.	papel da liberdade como condición fundamental para a creación, e razo a súa opinión.	CSC	FI-R4ESO-CSC
g h n	B6.14. Elementos que potencian a creatividade: motivación, perseveranza, orixinalidade e medio.	B6.13. Coñecer as características das persoas especialmente creativas, como a motivación, a perseveranza, a orixinalidade e o medio, e investigar sobre como se poden potenciar esas calidades.	FIB6.13.1. Explica as características das persoas especialmente creativas e algunhas das formas en que pode potenciarse esta condición.	CCEC CSIEE	FI-R4BAC-CCEC FI-R4ESO-CSIEE
g	B6.15. Innovación e creación como asunción de riscos.	B6.14. Reflexionar argumentadamente sobre o sentido do risco e a súa relación para alcanzar solucións innovadoras e, xa que logo, a posibilidade de evolucionar.	FIB6.14.1. Argumenta sobre a importancia de asumir riscos e saír da chamada zona de confort para alcanzar metas e lograr resultados creativos e innovadores.	CSIEE	FI-R4ESO-CSIEE

RÚBRICAS:

RÚBRICA DE COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (FI-R4ESO-CCL)

(38 estándares)

CRITERIOS	INSUFICIENTE 1-4	SUFICIENTE 5-6 Grao mínimo de consecución	NOTABLE 7-8	SOBRESALIENTE 9-10
Analiza e entende textos simples e breves	Ten dificultades para identificar e comprender as ideas dos fragmentos	Comprende o esencial do texto pero parafrasea	Comprende considerablemente as ideas do texto e analiza o seu contido	Amosa comprensión total do texto e é quen de analízalo en profundidade.
Entende e explica ideas filosóficas elementais	Amosa dificultades para entender e explicar as ideas filosóficas	Entende parcialmente e explica con certa claridade as ideas filosóficas estudadas	Entende as teorías filosóficas e logra explicalas con bastante precisión	Entende e explica con moita precisión e seguridade as teorías filosóficas
Coñece e utiliza conceptos filosóficos	Descoñece ou aplica inadecuadamente os conceptos filosóficos	Manexa de xeito elemental o vocabulario filosófico	Usa adecuadamente os conceptos filosóficos	Usa de xeito oportuno e explica os conceptos filosóficos, tamen en relación con outros temas
Reflexiona e argumenta	Non reflexiona. Argumenta de xeito incoherente ou desestruturado. Elabora argumentos simples	Amosa certa claridade e coherencia na argumentación	Elabora argumentacións claras e coherentes de certa complexidade	Elabora argumentacións complexas, coherentes, claras e fundamentadas

RÚBRICA DE COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (FI-4ESO-CSC)

(17 estándares)

	INSUFICIENTE	SUFICIENTE	NOTABLE	SOBRESALIENTE
--	--------------	------------	---------	---------------

CRITERIOS	1-4	5-6 Grao mínimo de consecución	7-8	9-10
Utiliza e valora o diálogo	Ten escasa capacidade de diálogo	Utiliza o diálogo ás veces	Utiliza o diálogo e valora a diversidade de ideas	Utiliza e defende o diálogo e valora a diversidade de ideas
Participa no traballo en grupo	Amosa escasa colaboración e ten pouco sentido grupal	Participa no traballo en grupo de forma guiada e mimética	Colabora activamente e implícase no traballo en grupo de xeito responsable	Promove a colaboración e a implicación no traballo en grupo. Ten sentido da responsabilidade e o compromiso
Analiza e reflexiona sobre temas filosóficos de impacto social	Analiza e reflexiona de maneira superficial ou moi simple sobre temas filosóficos de impacto social	Reflexiona sobre temas éticos e políticos e as súas implicacións sociais	Realiza unha análise bastante elaborada sobre temas filosóficos con implicacións sociais	Reflexiona e analiza profundamente sobre as implicacións sociais da racionalidade práctica

RÚBRICA DE COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER (FI-R4ESO-CAA)

(20 estándares)

CRITERIOS	INSUFICIENTE 1-4	SUFICIENTE 5-6 Grao mínimo de consecución	NOTABLE 7-8	SOBRESALIENTE 9-10
Ten motivación	Amosa escasa motivación e desinterese	Ten certa motivación por aprender	Ten bastante motivación	Ten moita motivación e interese. Aprecia aprender
Aprende autonomamente	Aprende memoristicamente e de maneira guiada	Utiliza algún recurso para aprender e organiza o que ten que aprender	Usa distintos recursos e organiza a súa propia aprendizaxe	Manexa moitos recursos e organiza a súa propia aprendizaxe. Aprende autonomamente.
Reflexiona sobre ideas filosóficas	Repite mimeticamente as ideas sen pensar no seu contido	Manifesta curiosidade e reflexiona sobre o aprendido	Reflexiona criticamente e pode transferir o aprendido a outros contextos	Reflexiona criticamente, valora e asimila o aprendido, sendo quen de aplicalo noutros contextos

RÚBRICA DE COMPETENCIA DIXITAL (FI-4ESO-CD)

(4 estándares)

CRITERIOS	INSUFICIENTE 1-4	SUFICIENTE 5-6 Grao mínimo de consecución	NOTABLE 7-8	SOBRESALIENTE 9-10
Utiliza recursos tecnolóxicos	Utiliza escasamente as ferramentas informáticas	Utiliza algúns recursos informáticos	Utiliza adecuadamente os recursos informáticos	Utiliza moitos recursos informáticos con precisión e oportunamente
Busca información en internet	Necesita axuda e orientación á hora de buscar información en internet. Obtén información parcial ou irrelevante	Busca autonomamente información en internet pero con pouca orixinalidade	Busca autonomamente información en internet con criterio propio	Busca información con criterio propio, crítico e creativo
Selecciona criticamente a información en internet	Non hai análise crítica da información	Realiza certa análise crítica da información	Selecciona a información criticamente	Selecciona crítica e sistematicamente a información en internet e reconece as fontes fiables

RÚBRICA DE COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA BÁSICA EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (FI-R4ESO-CMCCT)

(6 estándares)

CRITERIOS	INSUFICIENTE 1-4	SUFICIENTE 5-6 Grao mínimo de	NOTABLE 7-8	SOBRESALIENTE 9-10
-----------	---------------------	-------------------------------------	----------------	-----------------------

		consecución		
Usa datos, probas e argumentos	Raramente usa datos, probas ou argumentos	Usa datos e pode seguir os pasos das probas. Relaciona ideas simples	Usa datos, explica os pasos das probas. Argumenta correctamente	Amosa rigor e claridade no uso de datos, probas e argumenta correctamente
Valora o coñecemento científico	Ten unha escasa valoración do coñecemento científico	Valora en certa medida o coñecemento científico	Valora o coñecemento científico e as aportacións que favorecen o seu desenvolvemento	Reflexiona sobre o valor do coñecemento científico, as súas consecuencias e as aportacións que favorecen o seu desenvolvemento

RÚBRICA DE COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI (FI-R4ESO-CCEC)

(16 estándares)

CRITERIOS	INSUFICIENTE 1-4	SUFICIENTE 5-6 Grao mínimo de consecución	NOTABLE 7-8	SOBRESALIENTE 9-10
Ten interese polas ideas e teorías e a súa influencia	Amosa un interese escaso ou nulo polas ideas e teorías	Manifesta algún interese pola comprensión e explicación das ideas	Ten interese, explica e reconece o valor das ideas e teorías	Ten interese, respecta, aprecia e reconece o valor das ideas e teorías
Ten conciencia crítica sobre os problemas filosóficos	Ten unha escasa conciencia crítica sobre os problemas filosóficos de cada época	Ten unha certa conciencia e respecto polos problemas filosóficos	Ten conciencia crítica sobre os problemas filosóficos de cada época	Ten conciencia crítica sobre os problemas filosóficos de cada época e a súa influencia

RÚBRICA DE COMPETENCIA SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (FI-R4ESO-CSIEE)

(10 estándares)

CRITERIOS	INSUFICIENTE 1-4	SUFICIENTE 5-6 Grao mínimo de consecución	NOTABLE 7-8	SOBRESALIENTE 9-10
Ten resolución ante os problemas	Mostra pouca resolución ante os problemas	Enfoca e resolve os problemas plantexados de maneira pouco creativa	Demostra capacidade de análise e planificación na resolución de problemas	Atopa con facilidade a resolución dos problemas de xeito orixinal
Ten iniciativa e proactividade	Ten escasa ou nula iniciativa e proactividade	Amosa certa iniciativa e proactividade	Ten bastante iniciativa e proactividade	Mostra moita iniciativa, proactividade e creatividade

Valores éticos (2º, 4º ESO)

2º de ESO

Valores éticos. 2º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Rúbrica
Bloque 1. A dignidade da persoa					
a	B1.1. Conceptos de persoa achegados pola	B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta	VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir	CCL	VE-R2ESO-CCL

	Valores éticos. 2º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Rúbrica
d h l	filosofía.	é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.	o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as.		
a c d h l	B1.2. Visión kantiana: a persoa como suxeito autónomo e como un fin en si mesma.	B1.2. Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral.	VEB1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais.	CSC	VE-R2ESO-CSC
			VEB1.2.2. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela.	CSC	VE-R2ESO-CSC
a b d h l	B1.3. Noción aristotélica da virtude: relación cos actos, os hábitos e o carácter. Virtudes éticas.	B1.3. Entender a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.	VEB1.3.1. Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter.	CSC	VE-R2ESO-CSC
			VEB1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.	CAA CCL CSC	VE-R2ESO-CAA VE-R2ESO-CCL VE-R2ESO-CSC
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais					
a b e g h	B2.1. Diferenzas entre ética e dereito. B2.2. Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a vida pública.	B2.1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.	VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática.	CCL CD	VE-R2ESO-CCL VE-R2ESO-CD
			VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións	CCL CSC CSIEE	VE-R2ESO-CCL VE-R2ESO-CSC VE-R2ESO-CSIEE

Valores éticos. 2º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Rúbrica
			fundamentadas eticamente.		
Bloque 3. A reflexión ética					
a d h	B3.1. Diferenza entre ética e moral. B3.2. Reflexión ética como guía racional de conduta.	B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.	VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.	CSC	VE-R2ESO-CSC
			VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.	CSC	VE-R2ESO-CSC
a b d g h	B3.3. Estrutura moral da persoa. B3.4. Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Kohlberg. Paso da heteronomía á autonomía moral.	B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento.	VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta.	CSC	VE-R2ESO-CSC
			VEB3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Kohlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral.	CCL CSC	VE-R2ESO-CCL VE-R2ESO-CSC
a g h	B3.5. A liberdade como raíz da estrutura moral da persoa.	B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.	VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.	CCL	VE-R2ESO-CCL
a b c d e g h	B3.6. Características distintivas dos valores éticos. B3.7. Valores éticos e dignidade humana.	B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.	VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.	CCL	VE-R2ESO-CCL
			VEB3.4.2. Emprega o	CSC	VE-R2ESO-CSC

	Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Rúbrica
			espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social.	CSIEE	VE-R2ESO-CSIEE
a b h l	B3.8. Normas. Especificidade das normas éticas. B3.9. Relativismo moral dos sofistas. B3.10. Intelectualismo moral en Sócrates e Platón. B3.11. Relativismo moral fronte a obxectivismo moral.	B3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas.	VEB3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc.	CCL	VE-R2ESO-CCL
			VEB3.5.2. Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.	CCEC	VE-R2ESO-CCEC
			VEB3.5.3. Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto.	CCEC	VE-R2ESO-CCEC
			VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada.	CCL CSC	VE-R2ESO-CCL VE-R2ESO-CSC
b e g h l	B3.12. Clasificación das teorías éticas: éticas de fins e éticas procedementais. B3.13. A ética de Epicuro como ética de fins.	B3.6. Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro.	VEB3.6.1. Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas.	CAA CCL	VE-R2ESO-CAA VE-R2ESO-CCL
			VEB3.6.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.	CCEC	VE-R2ESO-CCEC
			VEB3.6.3. Elabora, en	CAA	VE-R2ESO-CAA

	Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Rúbrica
			colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.	CCL	VE-R2ESO-CCL
b h l	B3.14. O eudemonismo aristotélico como ética de fins. B3.15. O ben supremo da persoa en Aristóteles e as tres tendencias da alma.	B3.7. Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a vixencia actuais.	VEB3.7.1. Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións.	CCL	VE-R2ESO-CCL
			VEB3.7.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.	CCEC	VE-R2ESO-CCEC
			VEB3.7.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins.	CCL	VE-R2ESO-CCL
b g h l	B3.16. O utilitarismo como ética de fins: principio de utilidade; concepto de pracer; compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal; localización do valor moral nas consecuencias da acción.	B3.8. Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoién a súa valoración persoal arredor desta formulación ética.	VEB3.8.1. Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.	CCL	VE-R2ESO-CCL
			VEB3.8.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins.	CCEC	VE-R2ESO-CCEC
			VEB3.8.3. Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista.	CCL CSIEE	VE-R2ESO-CCL VE-R2ESO-CSIEE
Bloque 4. A xustiza e a política					
a b e h l	B4.1. Relación entre ética, política e xustiza no pensamento aristotélico. B4.2. Semellanzas, diferenzas e relacións entre valores éticos e	B4.1. Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre	VEB4.1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza.	CCEC	VE-R2ESO-CCEC

	Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Rúbrica
	valores cívicos.	eles no pensamento de Aristóteles.	VEB4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles.	CAA	VE-R2ESO-CAA
b e g h l	B4.3. A política de Aristóteles. B4.4. Concepto aristotélico de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade.	B4.2. Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, e entender o seu concepto de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico sobre a perspectiva deste filósofo.	VEB4.2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado.	CSIEE CD CSC	VE-R2ESO-CSIEE VE-R2ESO-CD VE-R2ESO-CSC
			VEB4.2.2. Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.	CAA CCL	VE-R2ESO-CAA VE-R2ESO-CCL
	Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos				
b e h	B5.1. Relacións entre ética e dereito.	B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións.	VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito.	CCL CD	VE-R2ESO-CCL VE-R2ESO-CD
	Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía				
a b d e f g h m	B6.1. Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida humana. B6.2. Valores recollidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico-tecnolóxica.	B6.1. Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH.	VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).	CAA CMCCT CSC	VE-R2ESO-CAA VE-R2ESO-CMCCT VE-R2ESO-CSC
			VEB6.1.2. Achega	CCL	VE-R2ESO-CCL

	Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Rúbrica
			argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.	CMCCT CSC	VE-R2ESO-CMCCT VE-R2ESO-CSC
			VEB6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente.	CD CSIEE	VE-R2ESO-CD VE-R2ESO-CSIEE
a d g m	B6.3. Problemas da tecnodependencia.	B6.2. Entender e valorar o problema da tecnodependencia e a alienación humana á que conduce.	VEB6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización.	CMCCT	VE-R2ESO-CMCCT
a b d e f g h m	B6.4. Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía.	B6.3. Utilizar os valores éticos contidos na DUDH no campo científico e tecnolóxico, coa finalidade de evitar a súa aplicación inadecuada e solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, nomeadamente no terreo da medicina e a biotecnoloxía.	VEB6.3.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxeñese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais.	CCL CMCCT CSC	VE-R2ESO-CCL VE-R2ESO-CMCCT VE-R2ESO-CSC
			VEB6.3.2. Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas,	CSC CSIEE	VE-R2ESO-CSC VE-R2ESO-CSIEE

Valores éticos. 2º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Rúbrica
			coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas.		

4º de ESO

Valores éticos. 4º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Rúbrica
Bloque 1. A dignidade da persoa					
a b c d h	B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH. B1.2. Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade. B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.	B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.	VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza.	CSC	VE-R4ESO-CSC
			VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.	CCL	VE-R4ESO-CCL
			VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.	CAA	VE-R4ESO-CAA
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais					
a b c d e g	B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar.	B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven.	VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.	CCL	VE-R4ESO-CCL

	Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Rúbrica
h			VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar.	CCL	VE-R4ESO-CCL
			VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresalientes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado.	CCL CD CSIEE	VE-R4ESO-CCL VE-R4ESO-CD VE-R4ESO-CSIEE
a c d g h	B2.2. Fenómeno da socialización global. B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais. B2.4. Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión outros dereitos.	B2.2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema.	VEB2.2.1. Describe e avalúa o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc.	CCEC CCL	VE-R4ESO-CCEC VE-R4ESO-CCL
			VEB2.2.2. Señala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.	CSC	VE-R4ESO-CSC
			VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.	CCEC CCL	VE-R4ESO-CCEC VE-R4ESO-CCL
			VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás.	CCEC CSC	VE-R4ESO-CCEC VE-R4ESO-CSC
	Bloque 3. A reflexión ética				
a d	B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa	B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual	VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión	CSC	VE-R4ESO-CSC

	Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Rúbrica
f h	dos DDHH. B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.	de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfrenta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.	ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa.		
			VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).	CMCCT CSIEE	VE-R4ESO-CMCCT VE-R4ESO-CSIEE
a d g h m	B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía.	B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle imponen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia.	VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a.	CSIEE	VE-R4ESO-CSIEE
	VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal.	Explica as características da ética kantiana	2ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (80%) Rexistro de aula (20%)
	VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións.	Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial	2ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (80%)

Crerios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación (% peso en cada avaliación)
				Rexistro de aula (20%)
B3.4.	VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant.	Caracteriza a ética do discurso e compáraa coa ética kantiana	2ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (80%) Rexistro de aula (20%)
	VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas.	Realiza unha presentación sobre as éticas formais	2ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (80%) Rexistro de aula (20%)
B4.1.	VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).	Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes	2ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (80%) Rexistro de aula (20%)
B4.2.	VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).	Reflexiona sobre os riscos da globalización de non establecerse unha regulación ética e política	2ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (80%) Rexistro de aula (20%)
	VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.).	Comenta o deber ético e político que teñen os estados de protexer os dereitos humanos, ante os riscos da globalización	2ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (80%) Rexistro de aula (20%)
B5.1.	VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.	Caracteriza as leis xurídicas e fundamenta a súa lexitimidade na xustificación ética	2ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (80%) Rexistro de aula (20%)
	VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións	Debate sobre a desobediencia civil e a obxección de conciencia	2ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (80%)

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación (% peso en cada avaliación)
	razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia.			Rexistro de aula (20%)
B5.2.	VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón).	Coñece os conceptos esenciais da teoría de Rawls	2ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (80%) Rexistro de aula (20%)
	VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela.	Argumenta criticamente sobre a teoría de Rawls	2ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (80%) Rexistro de aula (20%)
B5.3.	VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar.	Xustifica a importancia dos dereitos humanos como metas a lograr	3ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (60%) Exposición de traballos (20%) Rexistro de aula (20%)
	VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).	Sinala algunhas deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais	3ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (60%) Exposición de traballos (20%) Rexistro de aula (20%)
	VEB5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.	Elabora unha presentación acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos	3ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (60%) Exposición de traballos (20%) Rexistro de aula (20%)
B5.4.	VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH).	Diserta sobre o valor da paz e a seguridade para a protección da vida e a liberdade	3ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (60%) Exposición de traballos (20%) Rexistro de aula (20%)
	VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e	Toma conciencia do compromiso polo valor da paz	3ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (60%)

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación (% peso en cada avaliación)
	rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia.			Exposición de traballos (20%) Rexistro de aula (20%)
	VEB5.4.3. Emrende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).	Elabora unha presentación sobre as novas ameazas para a paz e a seguridade	3ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (60%) Exposición de traballos (20%) Rexistro de aula (20%)
B5.5.	VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.).	Coñece os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos	3ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (60%) Exposición de traballos (20%) Rexistro de aula (20%)
	VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais.	Explica a función das forzas armadas	3ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (60%) Exposición de traballos (20%) Rexistro de aula (20%)
	VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH.	Analiza as consecuencias dos conflitos armados e valora o papel das organizacións internacionais que promoven o cumprimento dos DDHH	3ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (60%) Exposición de traballos (20%) Rexistro de aula (20%)
B6.1	VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.	Analiza con criterios éticos os obxectivos e a aplicación de proxectos científicos e tecnolóxicos	3ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (60%) Exposición de traballos (20%) Rexistro de aula (20%)
B6.2.	VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial.	Comprende a necesidade de aplicar unha ética deontolóxica no ámbito científico e tecnolóxico	3ª AV	Procedementos: Análise da produción do alumno/a Observación sistemática Instrumentos: Diario de clase (60%) Exposición de traballos (20%) Rexistro de aula (20%)

4.- APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES PARA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE NO ENSINO NON PRESENCIAL

HISTORIA DA FILOSOFÍA 2º BACHARELATO

Bloque 1	Bloque 2	Bloque 3	Bloque 4	Bloque 5
HFB1.1.1	HFB2.1.1	HFB3.2.2	HFB4.2.1	HFB5.1.1
HFB1.1.2	HFB2.1.2		HFB4.2.2	HFB5.1.2
HFB1.1.3	HFB2.1.3		HFB4.5.1	
HFB1.3.2			HFB4.5.2	

PSICOLOXÍA 2º BACHARELATO

Bloque 1	Bloque 2	Bloque 3	Bloque 4	Bloque 5	Bloque 6
PSB1.1.1	PSB2.1.2	PSB3.1.1	PSB4.1.1	PSB5.1.1	PSB6.1.1
PSB1.1.2	PSB2.3.1	PSB3.1.5	PSB4.2.1	PSB5.2.1	PSB6.2.1
PSB1.2.1		PSB3.3.2	PSB4.3.1	PSB5.2.4	
		PSB3.3.4		PSB5.4.1	

VALORES ÉTICOS

2º ESO

Bloque 1	Bloque 2	Bloque 3	Bloque 4	Bloque 5	Bloque 6
VEB1.1.1	VEB2.1.1 VEB2.1.2	VEB3.1.1 VEB3.1.2 VEB3.5.1	VEB4.2.1	VEB5.1.1	VEB6.1.1 VEB6.2.1

4º ESO

Bloque 1	Bloque 2	Bloque 3	Bloque 4	Bloque 5	Bloque 6
VEB1.1.1 VEB1.1.3	VEB2.1.1 VEB2.2.3	VEB3.1.1 VEB3.1.2	VEB4.1.1 VEB4.2.2	VEB5.1.2 VEB5.3.2	VEB6.1.1

5.- METODOLOXÍA

Ao comezo dun novo tema o/a profesor/a vai seguir sempre a mesma metodoloxía didáctica, para deste xeito dotar de coherencia e harmonía o desenvolvemento do curso.

Esta vai consistir nos seguintes puntos no caso de Bacharelato e a materia de Filosofía de 4º da ESO:

Entrega do tema e dos textos fotocopiados ou seguimento do tema no libro de texto e no material complementario. Nese material o alumnado terá detallados os contidos teóricos a traballar así como propostas de distintos exercicios que vai ter que facer, especialmente de comprensión de ideas, conceptos e textos así como actividades iniciais de preparación.

Explicación do material, deténdonos sempre que sexa preciso para aclarar conceptos, solucionar dúbidas e favorecer a aparición de debates que poidan ir xurdindo. A clase non se limitará a ser unha mera exposición senón que se tratará de seguir sempre o método socrático da maiéutica para que esta sexa un contínuo diálogo co alumnado, que o vaia guiando cara ao coñecemento que deben descubrir. No desenvolvemento das clases tratarase sempre de que os alumnos e as alumnas sexan quen de ocupar o papel activo fundamental que lles corresponde nos procesos de ensino aprendizaxe: o de persoas autónomas e críticas, sociais e racionais, creativas e prudentes, donas de si e respectuosas coas demais persoas.

Proposta de actividades para o traballo do alumnado, que servirá para comprobar o grao de comprensión do explicado e a capacidade de utilizar o aprendido noutras situacións ou para facer comparacións con outras teorías filosóficas, psicolóxicas ou contextos da historia da filosofía. En todo caso, as actividades deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial.

A través destas actividades comprobarase tamén se o alumnado vai aprendendo a pensar filosoficamente, isto é, se razoa, argumenta, analiza, critica e dialoga.

O traballo con textos é igualmente esencial nestas materias, especialmente en Historia da Filosofía onde as estratexias de comentario e análise textual teñen moita relevancia. Pola propia especificidade das materias, que requiren do diálogo e o intercambio de ideas, tratarase de fomentar igualmente o traballo cooperativo e grupal do alumnado.

A materia de Valores Éticos (2º e 4º ESO) brinda a oportunidade de pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas individualmente, en parellas ou en grupo, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos reais que ilustren o tratado na materia, o traballo por retos, etc. Por iso, sempre adaptado ao diferente nivel de fondura propio de cada curso da ESO, o alumnado terá un papel protagonista e de axente activo na súa propia formación, sendo o/a profesor/a quen presente a explicación dos temas e guíe as tarefas e traballos, plantexe interrogantes e trate de estimular a reflexión, o debate construtivo e respectuoso baseado na argumentación racional das propias ideas e a investigación do alumnado, co obxectivo final de que o alumnado incorpore os valores éticos ao seu proxecto vital e promova a súa aplicación na sociedade.

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para levar a cabo o proceso de ensino aprendizaxe utilízanse diferentes materiais e recursos didácticos, que incluírán os apuntes elaborados polos profesores cos contidos ou ampliacións da materia, a información proporcionada polos profesores na aula, textos de contido filosófico así como mapas conceptuais, dicionarios filosóficos, noticias e artigos de prensa, recursos visuais como secuencias de documentais e películas, recursos dixitais didácticos, internet como complemento permanente na aula e no traballo do alumnado na casa.

Na materia de Psicoloxía de 2º de Bacharelato emprégase como libro de texto o da editorial McGraw-Hill, *Psicología* (ISBN 978 84 486 0916 0).

No resto das materias empréganse os materiais elaborados polos profesores.

En todo caso, os recursos dixitais serán de utilización preferente.

7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A comprobación do grao de adquisición de competencias e contidos valorarase tomando como referencia os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliados establecidos para cada materia na lexislación actual.

A avaliación trimestral e final realizarase por medios dos instrumentos de avaliación de cada un dos estándares de aprendizaxe expostos na presente programación no apartado 3 de cada materia.

En calquera materia impartida por este Departamento, a comprobación, durante a realización dun exame, de que un/unha alumno/a está copiando (por calquera medio, clásico ou tecnolóxico), suporá a descualificación do exame.

En calquera materia impartida por este Departamento, a nota final será a media das tres avaliacións, sempre que estas sexan superadas.

Os criterios de cualificación aplicaranse sobre os instrumentos de avaliación e serán, especificados por materia, os seguintes:

Historia da Filosofía (2º Bacharelato):

Realizaranse dúas probas escritas durante a primeira avaliación (unha delas constará dun comentario de texto e a outra unha proba sobre contidos), outras dúas na segunda avaliación e unha proba na terceira avaliación, na que se recollen algúns contidos das anteriores avaliacións como repaso e preparación para a ABAU, nesta última avaliación a maiores o alumnado deberá expoñer un traballo en grupo. Estas probas ponderarán conxuntamente un 90% na nota (60 % o comentario de texto e 30 % a proba de contidos), agás na última avaliación que ponderará un 80%.

Nas probas avaliábeis seguirase a agrupación de estándares e as indicacións da proba da ABAU, (á espera da súa concreción para este curso). Constarán (salvo modificación por parte do grupo de traballo de Historia da Filosofía da ABAU) da elaboración un comentario de texto acompañado dun estándar de aprendizaxe (60% da nota da proba), e dunha proba tipo test ou de resposta curta sobre os contidos propios dos estándares (30% da nota), agás na última avaliación na que a proba tipo test e de resposta curta suporá o 20% da nota. A exposición do traballo sumará na terceira avaliación o 10% da nota, ou sexa, 1 punto. Nas probas escritas figurará o valor de cada pregunta e será necesario chegar ao 50% da puntuación para superala. En cada avaliación se a suma de todas as puntuacións obtidas nos distintos instrumentos de avaliación chega ao 5, a avaliación estará superada.

O rexistro elaborado a partir da observación do comportamento de cada alumno/a así como das tarefas e actividades que deba realizar, isto é, o traballo diario do alumnado en clase e en casa e que versarán sobre algún dos temas tratados e consistirá na realización de prácticas de comentario de texto (ponderará 0,5 puntos) e outras actividades como análise de aspectos concretos dun texto e explicación do mesmo; debates, cuestións de comprensión, definición conceptual, etc, que ponderarán outro 0,5 puntos. Ambos apartados ponderan conxuntamente un 10%.

Na última avaliación a exposición dun traballo grupal sobre algún filósofo/a contemporáneo dos que figuran no curriculum ponderará un 10% da nota, como xa foi indicado.

Para promocionar, o/a alumno/a debe acreditar o grao de competencia mínimo para a superación da materia, competencia que será valorada segundo os criterios de avaliación correspondentes e polos estándares de aprendizaxe. Iso suporá que debe obter en cada avaliación como mínimo un 5 sobre 10, resultado da nota media das probas e actividades que se realicen (probas, traballo diario e na terceira avaliación exposición do traballo). Despois de cada avaliación, todo o alumnado que non supere a materia fará un exame de recuperación a través do cal pode obter até 10 puntos e de non superalo, a final de curso, seguindo o calendario de exames oficial do Instituto, realizarase unha recuperación final á que poderá presentarse o alumnado con algunha avaliación suspensa pero non quen teña suspendido as tres avaliacións despois de feitas as recuperacións pertinentes durante cada trimestre do curso. Tal alumnado terá que ir á convocatoria extraordinaria de xuño. Na avaliación de xuño efectuarase unha proba escrita similar á avaliación de maio e en ambas a cualificación mínima para a superación da materia será de 5 puntos.

Psicología (2º Bacharelato):

Os criterios de cualificación serán semellantes aos xa expostos pero nesta materia realizarase unha proba por cada trimestre (90% da nota). As preguntas versarán sobre os contidos sinalados no libro elixido de *Psicología* de McGraw-Hill, e tamén sobre materiais ditados e fotocopiados polo

profesor da materia, e sobre as actividades de repaso e ampliación realizadas. Debe obter como mínimo un 5 sobre 10 para superar a proba.

O rexistro do traballo do alumnado e o seu comportamento pondera nun 10 % da nota da avaliación. Nel valorarase a correcta realización das tarefas encargadas e o correcto seguimento da clase.

Os criterios de promoción son semellantes aos xa descritos. Despois de cada avaliación, todo o alumnado que non supere a materia, isto é, que non obteña un 5 sobre 10, fará un exame de recuperación e de non superalo, terá que presentarse ao exame final, salvo que teña suspendido as tres avaliacións durante o curso, o que lle obrigará ir á convocatoria extraordinaria de setembro. Na avaliación de setembro efectuarase unha proba escrita similar á de cada avaliación, salvo que neste caso versará sobre a materia de todo o curso, e terá que alcanzar igualmente a cualificación de 5 puntos.

Filosofía (4º ESO):

Os criterios de cualificación serán semellantes aos xa expostos. Realizaranse dúas probas escritas durante a primeira avaliación, outras dúas na segunda avaliación e unha proba na terceira avaliación. Estas probas ponderarán un 90% na nota na primeira avaliación e 80% na segunda e terceira avaliación e débese obter un 5 sobre 10 para aprobar.

No rexistro do comportamento e o traballo diario do alumnado (10 % da nota) valorarase a correcta realización das tarefas encargadas, a participación e o adecuado seguimento da clase.

Durante a segunda avaliación o alumnado deberá realizar un ensaio (10% da nota) e durante a terceira avaliación o alumnado deberá expoñer un traballo (10% da nota) onde se valorará a adecuación e elaboración dos contidos, a fluidez na exposición e o uso de recursos.

Para promocionar, o alumno/a debe obter un 5 sobre 10 en cada avaliación, resultado da nota media dos distintos instrumentos de avaliación. De non ser así, realizará un exame de recuperación despois de cada avaliación e, de non superarlo, fará un exame de recuperación final no mes de xuño que será superado se se alcanza un 5 sobre 10. Na avaliación final de xuño efectuarase unha proba escrita similar á de cada avaliación, sobre a materia de todo o curso, na que terá que alcanzar igualmente a cualificación de 5 puntos.

Valores éticos (2º e 4º ESO):

En cada avaliación o alumnado deberá presentar un “diario de clase”, que suporá o 80 % da nota na 1ª e 2ª avaliación e o 60% na terceira. O diario debe recoller o traballo diario, de clase e de casa, de todo o trimestre. Nel valorarase (de 0 a 8 puntos na primeira e segunda avaliación e de 0 a 6 puntos na terceira), a realización correcta de todas as tarefas encargadas en cada avaliación e ter recollidas todas as explicacións do/a profesor/a (ata 5 puntos); a presentación axeitada do diario e a

súa entrega en prazo (ata 1 punto); o feito de recoller intervencións dos compañeiros/as nos debates, facer ampliacións dos temas tratados e nelas aportar reflexións ou opinións propias ben argumentadas (ata 2 puntos na primeira e segunda avaliación e ata 1 punto na terceira avaliación).

No rexistro da observación diaria do alumnado (20 % da nota) valorarase de + 1 punto a – 1 punto a motivación e a conduta apropiada na aula e ata 1 punto as intervencións respectuosas e oportunas na clase (+ 2 puntos máximo e como cualificación de clase).

Durante a terceira avaliación o alumnado deberá realizar e expoñer en grupo un traballo (20% da nota), no cal se valorarán (ata 2 puntos) os contidos, os materiais e fontes empregadas, a exposición, orixinalidade, coordinación e adecuado reparto do traballo entre os membros do grupo.

Para promocionar, o alumnado debe obter como mínimo un 5 sobre 10, resultado da nota media dos diversos instrumentos de avaliación.

Despois de cada avaliación, todo o alumnado que non supere a materia, terá que repetir o diario correspondente. No caso de quedar algunha avaliación suspensa no mes de xuño, o alumno/a presentará ese traballo novamente, ben sexa o diario ou o traballo grupal.

Na **sección bilingüe** de 4º ESO de Valores éticos que continúa no presente curso, en todas as avaliacións o diario de aula suporá o 50 % da nota. O diario debe recoller o traballo diario e será revisado despois de cada clase. Nel valorarase a realización correcta de todas as actividades encargadas durante a clase e a orde, claridade e correcta presentación das mesmas (ata 5 puntos). A nota de aula (20% da nota) será valorada como figura máis arriba así como a presentación en grupo dun traballo (20% da nota). Estas exposicións realizaranse en cada avaliación a fin de que o alumnado se afaga a falar en inglés e buscar materiais nese idioma. Asemade o uso habitual do inglés sumará até un 10% .

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Co obxectivo de avaliar o proceso de ensino e a práctica docente prestarase especial atención aos seguintes indicadores de logro, que serán medidos nunha escala do 1 ao 5, e permitirán medir os resultados académicos, os materiais e recursos didácticos, a planificación e temporalización, a metodoloxía, a relación profesor/a- alumno/a e o instrumentos e criterios de avaliación e cualificación:

INDICADORES DE LOGRO	ESCALA				
Resultados: Se foron satisfactorios os resultados académicos en porcentaxe de aprobados e suspensos					
Materiais e recursos didácticos: Se foron adecuados, suficientes, diversos, accesibles, atractivos e interesantes para o alumnado, se favoreceron o logro dos estándares de aprendizaxe					
Planificación: Se foi adecuada e realista a planificación do curso, se foi adaptada ás características e nivel do alumnado, se puido cumprirse a temporalización					
Metodoloxía: Se foi favorecedora da participación activa do alumnado, se esperta interese polo coñecemento, se se desenvolveron actividades que contribuíron á aprendizaxe autónoma					
Relación profesor/a-alumno/a: Se houbo unha boa relación co alumnado, se o ambiente da clase foi relaxado e de confianza					
Instrumentos e criterios de avaliación e cualificación: Se o alumnado foi informado sobre os criterios de avaliación e cualificación, se o alumnado se familiarizou coas distintos instrumentos de avaliación, se os instrumentos de avaliación foron axeitados e suficientes					

9.-SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Caso de haber alumnado con algunha materia pendente, ao incio do curso o xefe de Departameto reunirase con ese alumnado para informalo do sistema de recuperación de tales materias.

ESO: Ao alumnado coa materia de Valores éticos pendente nalgún dos cursos da ESO encargaránselle unha serie de tarefas acordes co currículo e que serán repartidas en dous cuatrimestres. No primeiro deses períodos deberá realizar un traballo sobre calquera aspecto relacionado cos Dereitos Humanos e no segundo deberá realizar un traballo sobre algún tema práctico dos presentes nos contidos da materia. A correcta realización deses traballos (adecuación ao tema, idoneidade dos contidos, presentación e recursos empregados, cumprimento dos prazos de

entrega) suporá a recuperación da materia pendente, puidendo obter unha cualificación de 1 a 10 resultado da nota media dos dous traballos.

Os traballos entregaranse de xeito presencial ou telemático, segundo sexa a situación.

Para a súa realización, o Departamento está a disposición do alumnado para solventar as dificultades que puidese ter e realizará un seguimento mensual do seu traballo.

Bacharelato: O alumnado de 1º de Bacharelato que promocioe a 2º de Bacharelato coa materia de Filosofía pendente de 1º deberá recuperar a mesma a través dunhas actividades de repaso que lle serán entregadas ao inicio de cada cuadrimestre e que suporán un 30% da nota e dúas probas escritas nas que entrarán os contidos incluídos nas actividades e que suporá un 70% da nota. O alumnado poderá obter unha cualificación de 1 a 10 como resultado da nota media das actividades e dos exames realizados.

O Departamento fará un seguimento do alumnado coa Filosofía pendente e estará a súa disposición para prestar a axuda que demande tal alumnado co obxectivo de superar a materia.

10.-ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO

Non é de aplicación

11.- AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS COMO CONSECUCENCIA DO SEU RESULTADO

Realizaranse unha serie de actividades iniciais de aula adaptadas a cada curso co fin de coñecer o nivel do alumnado en canto a contidos pero tamén en canto á súa capacidade de manter a correcta atención á materia, aos compañeiros e ao desenvolvemento da clase, a súa capacidade de comprensión oral e escrita e a súa participación en calquera actividade proposta. O resultado desas actividades permitirá adecuar o nivel inicial das clases para que o alumnado poida posteriormente seguir con aproveitamento o curso.

Asemade, de detectarse un comportamento inadecuado en calquera deses aspectos, comunicarse á xunta de avaliación do grupo para que se tomen as medidas oportunas para solucionar eses problemas.

12.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Partindo da avaliación inicial e do imprescindible coñecemento do diferente perfil de cada alumno e alumna naqueles aspectos que poidan influír na súa capacidade de aprendizaxe ou supoñer unha dificultade no proceso de aprendizaxe (diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivación, situación social e cultural, procedencia, etc), serán tidos en conta para deseñar actividades, traballos, cuestións e explicacións acordes ao seu nivel e situación, orientadas a atender á diversidade do alumnado e a permitirlle avanzar na aprendizaxe. Tratarase de partir da motivación de cada un e avanzar respectando igualmente o ritmo de cada cal. As medidas de flexibilización recóllense tamén nos instrumentos de avaliación, que serán de diferentes niveis de dificultade.

Con respecto ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), seguiranse as medidas especificadas nos correspondentes protocolos.

En canto ao alumnado con TDAH, diagnosticado con informe médico, o Departamento de Filosofía recolle as medidas do Protocolo sobre TDAH aprobado pola Xunta de Galicia. Nomeadamente, ubicar ao alumnado con este trastorno perto da mesa do/a profesor/a, empregar o reforzo positivo, fragmentar as actividades e tratar de que estas sexan variadas, supervisar con frecuencia o seu traballo e asegurarse de que comprende a materia e copia o indicado. En canto ao exames ou probas escritas, empréganse diferentes instrumentos de avaliación, claridade nos enunciados, supervisión da comprensión dos mesmos, ampliar o tempo para a realización das probas. Comprobación de que o alumnado emprega axeitadamente a axenda.

13.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS A TRABALLAR

Poucas materias afondan no tratamento dos elementos transversais do currículo como a de Valores Éticos, tendo algún deses elementos, como a educación cívica e constitucional, como parte nuclear, e necesitado o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade. Pero, ademais, na materia abórdanse temas como o desenvolvemento sustentable, o abuso e o maltrato de persoas con discapacidade, ou o fomento da igualdade de oportunidades, porque nestes temas é a reflexión ética a quen ten que orientar a nosa conduta.

As materias deste Departamento impartidas en Bacharelato, así como a Filosofía de 4º de ESO, traballan igualmente moitos elementos transversais, nomeadamente a comprensión e a expresión oral e escrita, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a educación cívica

e constitucional, elementos presentes no propio currículo das materias. Tamén se abordan os elementos transversais que atinxen ao espírito emprendedor e ao estudo dos proxectos empresariais e á influencia que poden ter neles as achegas filosóficas.

Asemade, pola especificidade da filosofía e a metodoloxía a empregar, trabállanse outros elementos transversais como a igualdade de xénero, a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica dos conflitos, a transmisión de valores como a liberdade, xustiza, igualdade e non discriminación motivada por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, o respecto ao pluralismo político, a valoración da democracia ou o respecto aos dereitos humanos.

Igualmente trataranse de fomentar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, a autoconfianza e o sentido crítico, que está na orixe desta materia. En consecuencia, os elementos transversais terán unha atención preferente ao longo do curso.

14.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Realizaranse actividades complementarias relativas á distintas conmemoracións como o Día internacional da muller traballadora, o Día da paz ou o Día contra a violencia de xénero, datas de especial relevancia para traballar elementos transversais e que contribúen a reforzar moitos dos obxectivos das materias deste Departamento.

Na materia de Valores éticos de 4º (grupo bilingüe), e como continuación das actividades levadas a cabo no curso pasado, realizarase un Cake sale nos días previos ás vacacións de Nadal para recolectar fondos que serán donados a unha ONG e, nun dos restantes trimestres, unha visita á protectora de animais Os palleiros.

15.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Para ter en conta os posibles desaxustes da presente programación e de cara a mellorar a do vindeiro curso, prestaráselle especial atención aos indicadores de logro do proceso de ensino e práctica docente, aos resultados académicos do alumnado deste Departamento nas avaliacións finais e á adecuación da programación ás esixencias que require a nova lexislación. Da análise destes indicadores e resultados poderanse derivar modificacións naqueles aspectos susceptibles de mellora.

16.- ANEXO PERFIL COMPETENCIAL

No presente anexo deixase constancia dos estándares considerados preferentes polos membros deste Departamento para cada materia así como do peso competencial en cada materia.

2º ESO VALORES ÉTICOS

COMPETENCIA CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE PREFERENTES
CCL	VEB1.1.1; VEB3.5.1; VEB6.1.2
CAA	VEB3.6.1; VEB4.1.2; VEB6.1.1
CSC	VEB1.3.1; VEB3.2.1; VEB3.5.4
CD	VEB2.1.1; VEB6.1.3
CMCCT	VEB6.2.1; VEB6.3.1
CCEC	VEB4.1.1; VEB3.5.3
CSIEE	VEB2.1.2; VEB6.3.2

4º ESO VALORES ÉTICOS

COMPETENCIA CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE PREFERENTES
CCL	VEB2.2.1, VEB5.1.1, VEB5.4.1
CMCCT	VEB3.1.2, VEB6.2.1
CD	VEB2.1.3, VEB5.4.3
CAA	VEB1.1.3, VEB4.2.1, VEB6.1.1
CSC	VEB2.2.4, VEB5.3.1, VEB5.3.2
CSIEE	VEB3.2.1, VEB5.1.2
CCEC	VEB2.2.3, VEB5.3.3

4º ESO FILOSOFÍA

COMPETENCIA CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE PREFERENTES
CCL	FIB1.1.2. FIB2.11.1. FIB5.4.2.
CAA	FIB1.5.1. FIB2.6.1. FIB4.5.2.
CSC	FIB3.4.1. FIB6.1.2. FIB6.11.1.
CD	FIB3.7.1.
CMCCT	FIB5.2.1. FIB5.3.1.
CCEC	FIB2.5.1. FIB3.2.1.. FIB4.3.1.
CSIEE	FIB2.14.1. FIB6.7.2.

Peso competencial de **Valores éticos** por curso:

	2º ESO	4º ESO
CAA	10%	10%
CCEC	10%	5%
CSC	30%	35%
CCL	30%	20%
CSIEE	10%	15%
CD	5%	10%
CMCCT	5%	5%
Total	100%	100%

	<u>PESO COMPETENCIAL DE FILOSOFÍA</u>
	4º ESO
CAA	20%
CCEC	15%
CSC	15%
CCL	30%
CSIEE	10%
CD	5%
CMCCT	5%
Total	100%

17.- MECANISMOS DE AVALIACIÓN PARA A RECUPERACIÓN

ESO

Valores éticos

Nesta materia, aplicable a todos os niveis onde se imparte (2º e 4º ESO), a recuperación na avaliación final, caso de non ter superada algunha das avaliacións do curso, consistirá en darlle novamente a oportunidade de entregar o diario correspondente. Como plan de reforzo o profesorado da materia correspondente realizará o acompañamento, apoio e seguimento do traballo dese alumnado.

Filosofía 4º ESO

A recuperación na avaliación final, caso de non ter superada algunha das avaliacións do curso, consistirá nunha proba escrita de cada unha das avaliacións suspensas que suporá unha porcentaxe do 90% da nota (ata 9 puntos). No caso de que ao longo do curso ese alumnado non tivese entregado ou realizado algunhas das tarefas avaliábeis, disporá dese período para completar e entregar ditas actividades ou ben, pódense propoñer outras actividades de recuperación, que, en todo caso, se engadirán á cualificación da nota de aula que supón unha porcentaxe do 10 % da nota (1 punto). Como plan de reforzo, traballarase co alumnado con actividades, repaso e aclaracións para a preparación desa proba.

BACHARELATO

Psicoloxía 2º Bacharelato

O alumnado que non teña superada a materia na avaliación final, para recuperala deberá concorrer á avaliación extraordinaria, na cal efectuarase unha proba escrita similar á de cada avaliación, sobre a materia de todo o curso, e terá que alcanzar nela a cualificación mínima de 5 puntos. Antes da devandita proba impartirase clase de repaso dos contidos do curso. No caso de que ao longo do curso ese alumnado non tivese entregado ou realizado algunhas das tarefas avaliábeis, disporá dese período para completar e entregar as ditas actividades.

Historia da Filosofía 2º Bacharelato

O alumnado que non teña superada a materia na avaliación final para recuperala deberá concorrer á avaliación extraordinaria, na cal efectuarase unha única proba escrita similar á de cada avaliación, sobre a materia de todo o curso, e terá que alcanzar nela a cualificación mínima de 5 puntos. Antes da devandita proba impartirase clase de repaso dos contidos do curso e preparación para a posible realización posterior da proba da ABAU.

Durante ese período, para o alumnado que xa teña superada a materia na convocatoria ordinaria, impartirase clase de repaso e preparación para a proba da ABAU e igualmente recibirá orientación para a súa futura vida universitaria.

En Pontevedra, 14 de setembro de 2022

César Vallejo Palacios
Xefe de Departamento

Sonia Soto Boullosa

